

## XEFATURA DO ESTADO

- 20650** *REAL DECRETO LEI 9/2004, do 3 de decembro, polo que se determina o prazo para a execución dos procesos previstos na Lei 16/2001, do 21 de novembro, pola que se establece un proceso extraordinario de consolidación e provisión de prazas de persoal estatutario nas institucións sanitarias da Seguridade Social dos servizos de saúde do Sistema Nacional de Saúde. («BOE» 292, do 4-12-2004.)*

A Lei 16/2001, do 21 de novembro, estableceu un proceso extraordinario de consolidación de emprego para o persoal estatutario das institucións sanitarias da Seguridade Social. Tal proceso extraordinario articúllase en dous sistemas sucesivos. Primeiro, o de selección de persoal e, con posterioridade, o de provisión de prazas. A disposición adicional novena da devandita norma determinaba como prazo límite para a realización dos procesos que derivasen dela o de 18 meses contados desde a publicación de cada convocatoria no «Boletín Oficial del Estado».

A extrema complexidade do proceso de consolidación establecido na citada lei, cuxa segunda fase, a de provisión, prevé ata tres mecanismos sucesivos de adxudicación de prazas, e o elevado número de convocatorias, de prazas ofertadas e de aspirantes presentados e admitidos aos procesos, fixo imposible o cumprimento do indicado prazo. Por dúas veces, nas leis 53/2002, do 30 de decembro, e 62/2003, do 30 de decembro, ambas de medidas fiscais, administrativas e da orde social, foi prorrogado o devandito prazo, primeiro ata o 31 de decembro de 2003, e despois ata o 31 de decembro de 2004.

Ambas as prórrogas se manifestaron, de inmediato, claramente insuficientes. Así, o 31 de decembro de 2003, a tramitación da primeira das fases establecidas, a de selección, só concluíra nunha das 89 convocatorias tramitadas polo Ministerio de Sanidade e Consumo. Similar situación se producía nas catro comunidades autónomas que convocaran procesos de consolidación ao abeiro da Lei 16/2001, do 21 de novembro.

Malia que, desde o mes de maio de 2004, o procedemento coñeceu un innegable impulso no seu desenvolvemento, será imposible que as convocatorias das categorías cun maior número de prazas e de aspirantes estean concluídas antes do 31 de decembro de 2004.

A inmediata finalización do prazo legalmente establecido determina a necesidade de articular un novo prazo que permita a adecuada finalización dos procedementos iniciados tras a entrada en vigor da Lei 16/2001, do 21 de novembro, para que se poidan así cumplir, coa imprescindible seguridade xurídica e o suficiente amparo legal, os obxectivos dunha lei que son compartidos por todas as forzas políticas, dado que foi, no seu día, aprobada por unanimidade tanto do Congreso dos Deputados como do Senado.

A decisión do Goberno da Nación, coherente coa formulación da súa actuación política xeral, de non presentar ás Cortes Xerais un novo proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e da orde social, imposibilitou que a determinación do novo prazo se producise por unha canle de tramitación lexislativa ordinaria, similar á utilizada para as prórrogas realizadas nos dous últimos anos.

Apréciase, por todo iso, que na situación descrita corren as razóns de extraordinaria e urgente necesidade que, conforme as previsións constitucionais, aconsellan a promulgación dun real decreto lei que estableza, de maneira definitiva, os prazos para a resolución dos procedementos derivados da Lei 16/2001, do 21 de novembro.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de decembro de 2004,

### D I S P O Ñ O :

#### Artigo único. *Prazo de resolución dos procesos.*

Para efectos do previsto no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o prazo para a resolución dos procesos de selección e provisión convocados ao abeiro da Lei 16/2001, do 21 de novembro, queda fixado en 12 meses contados desde o día seguinte ao da entrada en vigor deste real decreto lei.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a disposición adicional novena da Lei 16/2001, do 21 de novembro, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

#### Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Este real decreto lei dítase en virtude das competencias exclusivas do Estado sobre bases e coordinación xeral da sanidade e sobre bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos, establecidas no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> da Constitución, respectivamente.

#### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

- 20653** *REAL DECRETO 2268/2004, do 3 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 439/2004, do 12 de marzo, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local. («BOE» 292, do 4-12-2004.)*

O artigo 3.1 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, establece que lle corresponde ao Goberno a aprobación do Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local, á vista das solicitudes presentadas polas comunidades autónomas e tendo en conta as frecuencias disponíveis. En execución do devandito mandato aprobouse, mediante o Real decreto 439/2004, do 12 de marzo, o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local.

Conforme a disposición transitoria segunda.3 da referida Lei 41/1995, do 22 de decembro, disposición incorporada pola Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, os municipios e agrupacións de municipios dispoñían dun prazo de tres meses, desde a aprobación do plan, para determinaren a modalidade de xestión directa municipal dun programa de televisión local con tecnoloxía dixital dentro da canle múltiple correspondente.

Finalizado o citado período, as comunidades autónomas dispoñían doutro prazo de cinco meses para convocaren os concursos relativos á explotación en xestión indirecta dos restantes programas de televisión local e para adxudicaren as concesións.

Tras a aprobación do Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local, diversas comunidades autónomas puxeron de manifesto a necesidade de realizar certos axustes nalgúns das demarcacións recollidas no devandito plan, para os efectos da prestación do servizo de televisión local. Así mesmo, comunicaron a necesidade de dispoñer de canles múltiples adicionais nalgúns demarcacións, sempre que a dispoñibilidade de espectro radioeléctrico o permita.

Ademais, algunas comunidades autónomas manifestaron que os prazos previstos na disposición transitoria segunda da citada Lei 41/1995, do 22 de decembro, son excesivamente breves en relación coa complexidade do procedemento de outorgamento das concesións, xa que se deben adoptar decisións e convocar procesos de adxudicación que, na maioría dos casos, afectan máis dun municipio.

É necesario indicar, igualmente, por un lado, que o punto 5 da mencionada disposición transitoria segunda, na redacción dada pola Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, lles permite aos adxudicatarios de concesións de televisión dixital local utilizaren a tecnoloxía analóxica para a difusión das súas emisións durante dous anos contados desde o 1 de xaneiro de 2004 e, por outro, que o punto 6 da devandita disposición faculta o Goberno para modificar este prazo en función do estado de desenvolvemento e penetración da tecnoloxía dixital.

En consecuencia, este real decreto ten por obxecto, por unha parte, realizar axustes nas demarcacións e adxudicar canles adicionais, sempre que non existan razóns de carácter técnico que o impidan, e establecer expresamente o reinicio do cómputo dos prazos para as actuacións que deben executar algunas comunidades autónomas, e, por outra parte, a ampliación en dous anos da posibilidade de utilizar a tecnoloxía analóxica aos adxudicatarios de concesións de televisión dixital local baixo determinadas condicións.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de decembro de 2004,

#### D I S P O Ñ O :

**Artigo único. Modificación do Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local, aprobado polo Real decreto 439/2004, do 12 de marzo.**

O Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local, aprobado polo Real decreto 439/2004, do 12 de marzo, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícanse os ámbitos dalgúns das demarcacións do artigo 8 que se relacionan a continuación e que quedan coa redacción seguinte:

#### «Comunidade Autónoma de Andalucía

Referencia: TL01AL.  
Denominación: Albox.

Canle múltiple: 28.  
Potencia radiada aparente máxima: 50 W.  
Ámbito: Albox, Olula del Río, Macael, Tíjola, Cantoria, Fines, Purchena, Lúcar, Somontín, Partaloa, Urrácal, Armuña de Almanzora e Suflí.

Superficie total: 674,50 km<sup>2</sup>.  
Densidade de poboación: 53 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Referencia: TL02AL.  
Denominación: Almería.  
Canle múltiple: 34.

Potencia radiada aparente máxima: 2 kW.  
Ámbito: Almería, Huércal de Almería, Viator, Pechina, Benahadux, Gádor e Rioja.  
Superficie total: 524,51 km<sup>2</sup>.

Densidade de poboación: 381 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Referencia: TL04AL.  
Denominación: Huércal-Overa.  
Canle múltiple: 24.

Potencia radiada aparente máxima: 100 W.  
Ámbito: Huércal-Overa, Cuevas del Almanzora, Vera, Pulpí, Garrucha, Mojácar, Antas, Turre, Gallardos (Los), Zurgena e Arboleas.  
Superficie total: 1.194,11 km<sup>2</sup>.

Densidade de poboación: 55 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Referencia: TL06CA.  
Denominación: Olvera.  
Canle múltiple: 27.

Potencia radiada aparente máxima: 50 W.  
Ámbito: Olvera, Algodonales, Alcalá del Valle, Setenil de las Bodegas, Gastor (El), Zahara e Torre Alháquime.  
Superficie total: 574,16 km<sup>2</sup>.

Densidade de poboación: 47 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Referencia: TL07CA.  
Denominación: Ubrique.  
Canle múltiple: 33.

Potencia radiada aparente máxima: 100 W.  
Ámbito: Ubrique, Prado del Rey, Grazalema, Bosque (El) e Benaocaz.  
Superficie total: 342,14 km<sup>2</sup>.

Densidade de poboación: 82 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Referencia: TL02CO.  
Denominación: Córdoba.  
Canle múltiple: 30.

Potencia radiada aparente máxima: 6 kW.  
Ámbito: Córdoba.  
Superficie total: 1.253,34 km<sup>2</sup>.  
Densidade de poboación: 254 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Referencia: TL03CO.

Denominación: Hinojosa Duque.  
Canle múltiple: 36.

Potencia radiada aparente máxima: 50 W.  
Ámbito: Hinojosa del Duque, Belalcázar, Viso (El), Villanueva del Duque, Villaralto, Santa Eufemia e Fuente la Lancha.  
Superficie total: 1.583,05 km<sup>2</sup>.

Densidade de poboación: 12 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Referencia: TL05CO.  
Denominación: Montilla.  
Canle múltiple: 26.

Potencia radiada aparente máxima: 100 W.  
Ámbito: Montilla, Fernán-Núñez, Castro del Río, Rambla (La), Santaella, Montalbán de Córdoba, Espejo, Montemayor e San Sebastián de los Ballesteros.  
Superficie total: 903,20 km<sup>2</sup>.

Densidade de poboación: 74 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Referencia: TL09CO.  
Denominación: Priego Córdoba.  
Canle múltiple: 49.

Potencia radiada aparente máxima: 100 W.  
Ámbito: Priego de Córdoba, Rute, Iznájar, Carcabuey e Almedinilla.  
Superficie total: 692,30 km<sup>2</sup>.

Densidade de poboación: 62 habitantes/km<sup>2</sup>.

Referencia: TL01GR.  
 Denominación: Almuñécar.  
 Canle múltiple: 37.  
 Potencia radiada aparente máxima: 100 W.  
 Ámbito: Almuñécar, Salobreña, Molvízar, Otívar, Itrabo e Jete.  
 Superficie total: 230,17 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 174 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL03GR.  
 Denominación: Granada.  
 Canle múltiple: 43.  
 Potencia radiada aparente máxima: 4 kW.  
 Ámbito: Granada, Maracena, Armilla, Zubia (La), Albo-  
 lote, Santa Fe, Pinos Puente, Atarfe, Ogíjares, Huétor  
 Vega, Gabias (Las), Peligros, Churriana de la Vega, Cenes  
 de la Vega, Cúllar Vega, Chauchina, Vegas del Genil, Fuente  
 Vaqueros, Gójar, Láchar e Cijuela.  
 Superficie total: 552,14 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 753 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL08GR.  
 Denominación: Motril.  
 Canle múltiple: 61.  
 Potencia radiada aparente máxima: 1 kW.  
 Ámbito: Motril, Albuñol, Órgiva, Lanjarón, Gualchos,  
 Vélez de Benaudalla, Polopos, Sorvilán, Lújar e Rubite.  
 Superficie total: 603,64 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 127 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL01H.  
 Denominación: Almonte.  
 Canle múltiple: 46.  
 Potencia radiada aparente máxima: 100 W.  
 Ámbito: Almonte, Bollullos Par del Condado, Palma  
 del Condado (La), Rociana del Condado, Bonares, Niebla,  
 Hinojos, Villalba del Alcor, Manzanilla, Villarrasa, Lucena  
 del Puerto e Chucena.  
 Superficie total: 1.919,15 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 38 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL01J.  
 Denominación: Alcalá Real.  
 Canle múltiple: 25.  
 Potencia radiada aparente máxima: 100 W.  
 Ámbito: Alcalá la Real, Alcaudete, Castillo de Locubín  
 e Frailes.  
 Superficie total: 641,06 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 62 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL02J.  
 Denominación: Andújar.  
 Canle múltiple: 40.  
 Potencia radiada aparente máxima: 500 W.  
 Ámbito: Andújar, Marmolejo, Porcuna, Arjona, Lopera,  
 Arjonilla, Villanueva de la Reina, Lahiguera, Villardompardo,  
 Escañuela, Santiago de Calatrava, Cazalilla, Espeluy e Higuera de Calatrava.  
 Superficie total: 2.634,99 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 29 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL05J.  
 Denominación: Linares.  
 Canle múltiple: 41.  
 Potencia radiada aparente máxima: 1 kW.  
 Ámbito: Linares, Bailén, Carolina (La), Mengíbar, Vilches, Villatorres, Torreblascopedro, Guarromán, Baños de la Encina, Jabalquinto, Arquillos e Carboneros.  
 Superficie total: 1.791,65 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 69 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL07J.  
 Denominación: Villacarrillo.  
 Canle múltiple: 36.  
 Potencia radiada aparente máxima: 100 W.  
 Ámbito: Villacarrillo, Villanueva del Arzobispo, Beas de Segura, Santisteban del Puerto, Castellar, Chiclana de Segura, Sorihuela del Guadalimar e Iznatoraf.  
 Superficie total: 1.443,88 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 26 habitantes/km<sup>2</sup>.

Referencia: TL09MA.  
 Denominación: Vélez-Málaga.  
 Canle múltiple: 40.  
 Potencia radiada aparente máxima: 1 kW.  
 Ámbito: Vélez-Málaga, Algarrobo, Benamocarra, Almáchar, Benamargosa, Moclín, Iznate e Macharaviaya.  
 Superficie total: 228,80 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 322 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL03SE.  
 Denominación: Estepa.  
 Canle múltiple: 47.  
 Potencia radiada aparente máxima: 100 W.  
 Ámbito: Estepa, Herrera, Casariche, Pedrera, Roda de Andalucía (La), Gilena, Rubio (El), Badolatosa, Marinaleda, Aguadulce e Lora de Estepa.  
 Superficie total: 609,83 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 80 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL07SE.  
 Denominación: Sevilla.  
 Canle múltiple: 54.  
 Potencia radiada aparente máxima: 8 kW.  
 Ámbito: Sevilla, Mairena del Aljarafe, Rinconada (La), Camas, San Juan de Aznalfarache, Tomares, Castilleja de la Cuesta, Algaba (La), Bormujos, Pilas, Gines, Sanlúcar la Mayor, Breñas, Alcalá del Río, Olivares, Santiponce, Valencina de la Concepción, Espartinas, Bollullos de la Mitación, Benacazón, Umbrete, Villanueva del Ariscal, Salteras, Aznalcázar, Huévar del Aljarafe, Carrión de los Céspedes, Castilleja de Guzmán, Albaida del Aljarafe e Castilleja del Campo.  
 Superficie total: 1.587,63 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 634 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Comunidad Autónoma do Principado de Asturias  
 Referencia: TL01AS.  
 Denominación: Avilés.  
 Canle múltiple: 47.  
 Potencia radiada aparente máxima: 1 kW.  
 Ámbito: Avilés, Castrillón, Corvera de Asturias, Pravia, Cudillero, Soto del Barco, Muros de Nalón e Illas.  
 Superficie total: 400,84 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 362 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL04AS.  
 Denominación: Infiesto-Piloña.  
 Canle múltiple: 44.  
 Potencia radiada aparente máxima: 50 W.  
 Ámbito: Piloña, Cangas de Onís, Parres, Nava, Bimenes, Sariego, Cabranes e Onís.  
 Superficie total: 890,67 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 35 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Comunidad Autónoma de Castilla-La Mancha  
 Referencia: TL03AB.  
 Denominación: Almansa.  
 Canle múltiple: 54.  
 Potencia radiada aparente máxima: 100 W.  
 Ámbito: Almansa, Caudete e Alpera.  
 Superficie total: 852,77 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 42 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL03CU.  
 Denominación: Tarancón.  
 Canle múltiple: 29.  
 Potencia radiada aparente máxima: 100 W.  
 Ámbito: Tarancón, Horcajo de Santiago, Villamayor de Santiago e Fuente de Pedro Naharro.  
 Superficie total: 447,76 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 44 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL05TO.  
 Denominación: Toledo.  
 Canle múltiple: 27.  
 Potencia radiada aparente máxima: 1 kW.  
 Ámbito: Toledo, Sonseca, Mora, Bargas, Olías del Rey, Mocejón, Polán, Argés, Nambroca, Orgaz, Cobisa, Ajofrín, Guadamur e Burguillos de Toledo.

Superficie total: 1.482,26 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 87 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Comunidad Autónoma de Cantabria  
 Referencia: TL01S.  
 Denominación: Castro-Urdiales.  
 Canle múltiple: 26.  
 Potencia radiada aparente máxima: 100 W.  
 Ámbito: Castro-Urdiales, Laredo, Santoña, Colindres, Ampuero, Bárcena de Cicero, Voto, Noja, Arnuero, Guriezo, Bareyo, Limpias, Meruelo, Argoños, Liendo e Escalante.  
 Superficie total: 522,19 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 147 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL04S.  
 Denominación: Santander.  
 Canle múltiple: 57.  
 Potencia radiada aparente máxima: 3 kW.  
 Ámbito: Santander, Camargo, Astillero (El), Piélagos, Santa Cruz de Bezana, Suances, Santa María de Cayón, Medio Cudeyo, Marina de Cudeyo, Ribamontán al Mar, Miengo, Villaescusa, Liérganes e Penagos.  
 Superficie total: 463,86 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 885 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL06S.  
 Denominación: Torrelavega.  
 Canle múltiple: 41.  
 Potencia radiada aparente máxima: 1 kW.  
 Ámbito: Torrelavega, Corrales de Buelna (Los), Cabezón de la Sal, Reocín, San Vicente de la Barquera, Santillana del Mar, Polanco, Cartes, Val de San Vicente, Alfoz de Lloredo, Valdáliga, Puente Viesgo, Comillas, San Felices de Buelna, Mazcuerras, Udiás e Ruiloba.  
 Superficie total: 680,35 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 171 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Comunidad Autónoma de Cataluña  
 Referencia: TL01B.  
 Denominación: Barcelona.  
 Canle múltiple: 26.  
 Potencia radiada aparente máxima: 10 kW.  
 Ámbito: Barcelona, Hospitalet de Llobregat (L'), Badalona, Santa Coloma de Gramenet e Sant Adrià de Besòs.  
 Superficie total: 143,65 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 15262 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL03B.  
 Denominación: Cornellà Llobregat.  
 Canle múltiple: 36.  
 Potencia radiada aparente máxima: 1 kW.  
 Ámbito: Cornellà de Llobregat, Sant Boi de Llobregat, Prat de Llobregat (El), Viladecans, Castelldefels, Esplugues de Llobregat, Gavà, Sant Feliu de Llobregat, Sant Joan Despí, Sant Vicenç dels Horts, Martorell, Sant Andreu de la Barca, Molins de Rei, Olesa de Montserrat, Esparraguera, Sant Just Desvern, Vallirana, Corbera de Llobregat, Abrera, Pallejà, Cervelló, Santa Coloma de Cervelló, Sant Esteve Sesrovires, Begues, Papiol (El), Palma de Cervelló (La), Collbató e Castellví de Rosanes.  
 Superficie total: 466,74 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 1549 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL01GI.  
 Denominación: Blanes.  
 Canle múltiple: 42.  
 Potencia radiada aparente máxima: 500 W.  
 Ámbito: Blanes, Lloret de Mar e Tossa de Mar.  
 Superficie total: 104,69 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 618 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Observación: no podrá causar interferencias nin forzar o cambio da canle de emisión en estacóns de televisión legalmente establecidas.  
 Comunidad Autónoma de Canarias  
 Referencia: TL01GC.  
 Denominación: Fuerteventura.  
 Canle múltiple: 62.  
 Potencia radiada aparente máxima: 500 W.

Ámbito: Puerto del Rosario, Pájara, Oliva (La), Tuineje, Antigua e Betancuria.  
 Superficie total: 1308,09 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 57 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL03GC.  
 Denominación: Mogán.  
 Canle múltiple: 58.  
 Potencia radiada aparente máxima: 100 W.  
 Ámbito: Mogán, San Nicolás de Tolentino, Tejeda e Artenara.  
 Superficie total: 394,13 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 70 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL04GC.  
 Denominación: Palmas, Las.  
 Canle múltiple: 44.  
 Potencia radiada aparente máxima: 6 kW.  
 Ámbito: Palmas de Gran Canaria (Las), Arucas, Gáldar, Santa Brígida, Santa María de Guía de Gran Canaria, Teror, Moya, Vega de San Mateo, Firgas, Agaete e Valleseco.  
 Superficie total: 880,97 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 581 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL05GC.  
 Denominación: Telde.  
 Canle múltiple: 63.  
 Potencia radiada aparente máxima: 1 kW.  
 Ámbito: Telde, Santa Lucía de Tirajana, San Bartolomé de Tirajana, Ingenio, Agüimes e Valsequillo de Gran Canaria.  
 Superficie total: 636,66 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 394 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL01TF.  
 Denominación: Arona.  
 Canle múltiple: 38.  
 Potencia radiada aparente máxima: 1 kW.  
 Ámbito: Arona, Granadilla de Abona, Adeje, Guía de Isora, Santiago del Teide, San Miguel de Abona, Arico, Fasnia e Vilaflor.  
 Superficie total: 867,99 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 188 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL04TF.  
 Denominación: Orotava.  
 Canle múltiple: 30.  
 Potencia radiada aparente máxima: 500 W.  
 Ámbito: Orotava (La), Realejos (Los), Puerto de la Cruz, Icod de los Vinos, Tacoronte, Santa Úrsula, Sauzal (El), Victoria de Acentejo (La), Matanza de Acentejo (La), Garachico, Silos (Los), Buenavista del Norte, Guancha (La), San Juan de la Rambla e Tanque (El).  
 Superficie total: 661,53 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 330 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL05TF.  
 Denominación: Palma, La.  
 Canle múltiple: 63.  
 Potencia radiada aparente máxima: 100 W.  
 Ámbito: Llanos de Aridane (Los), Santa Cruz de la Palma, Paso (El), Breña Alta, Tazacorte, San Andrés e Sauces, Villa de Mazo, Breña Baja, Tijarafe, Barlovento, Punta-llana, Garafía, Fuencaliente de la Palma e Puntagorda.  
 Superficie total: 708,33 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 121 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Referencia: TL06TF.  
 Denominación: Sta. Cruz Tenerife.  
 Canle múltiple: 24.  
 Potencia radiada aparente máxima: 4 kW.  
 Ámbito: Santa Cruz de Tenerife, San Cristóbal de La Laguna, Güímar, Candelaria, Rosario (El), Tegueste e Arafo.  
 Superficie total: 504,84 km<sup>2</sup>.  
 Densidad de poboación: 829 habitantes/km<sup>2</sup>.  
 Comunidad Autónoma del País Vasco  
 Referencia: TL04SS.  
 Denominación: San Sebastián.

- Canle múltiple: 23.  
Potencia radiada aparente máxima: 2 kW.  
Ámbito: Donostia-San Sebastián, Hernani, Lasarte-Oria, Andoain, Urnieta, Usurbil e Astigarraga.  
Superficie total: 177,74 km<sup>2</sup>.  
Densidade de poboación: 1391,48 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Referencia: TL03BI.
- Denominación: Bilbao.  
Canle múltiple: 23.  
Potencia radiada aparente máxima: 6 kW.  
Ámbito: Bilbao.  
Superficie total: 19,63 km<sup>2</sup>.  
Densidade de poboación: 18012 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Comunidad Valenciana  
Referencia: TL01A.  
Denominación: Alcoy.  
Canle múltiple: 56.  
Potencia radiada aparente máxima: 1 kW.  
Ámbito: Alcoy/Alcoi, Ibi, Cocentaina, Castalla, Muro de Alcoy e Onil.  
Superficie total: 438,64 km<sup>2</sup>.  
Densidade de poboación: 265 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Referencia: TL07A.  
Denominación: Orihuela-Torrevieja.  
Canle múltiple: 54.  
Potencia radiada aparente máxima: 1 kW.  
Ámbito: Torrevieja, Orihuela, Callosa de Segura, Pilar de la Horadada, Almoradí, Guardamar del Segura e Albera.  
Superficie total: 1149,18 km<sup>2</sup>.  
Densidade de poboación: 185 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Referencia: TL03CS.  
Denominación: Vall Uixó-Segorbe.  
Canle múltiple: pendente.  
Potencia radiada aparente máxima: 500 W.  
Ámbito: Vall d'Uixó (La), Segorbe, Almenara, Altura e Jérica.  
Superficie total: 408,62 km<sup>2</sup>.  
Densidade de poboación: 119 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Observacións: a canle múltiple determinase cando se regularice o segundo programa autonómico de televisión.  
Referencia: TL06V.  
Denominación: Valencia.  
Canle múltiple: 23.  
Potencia radiada aparente máxima: 8 kW.  
Ámbito: Valencia.  
Superficie total: 134,63 km<sup>2</sup>.  
Densidade de poboación: 5799 habitantes/km<sup>2</sup>.»  
Dous. Engádense ao artigo 8 as demarcacións que se relacionan a continuación:  
«Comunidade Autónoma de Andalucía  
Referencia: TL08CA.  
Denominación: Medina Sidonia.  
Canle múltiple: 43.  
Potencia radiada aparente máxima: 100 W.  
Ámbito: Medina-Sidonia, Benalup-Casa Viejas, Alcalá de los Gazules e Paterna de Rivera.  
Superficie total: 1041,71 km<sup>2</sup>.  
Densidade de poboación: 27 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Observacións: non poderá causar interferencias nin forzar o cambio da canle de emisión en estacións de televisión legalmente establecidas.  
Referencia: TL11CO.  
Denominación: Montoro.  
Canle múltiple: 59.  
Potencia radiada aparente máxima: 50 W.  
Ámbito: Montoro, Bujalance, Villa del Río, Carpio (EI), Adamuz, Villafranca de Córdoba, Cañete de las Torres e Pedro Abad.  
Superficie total: 1299,97 km<sup>2</sup>.  
Densidade de poboación: 33 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Referencia: TL10MA.
- Denominación: Málaga.  
Canle múltiple: 51.  
Potencia radiada aparente máxima: 8 kW.  
Ámbito: Málaga, Torremolinos, Rincón de la Victoria, Alhaurín de la Torre e Cártama.  
Superficie total: 1034,69 km<sup>2</sup>.  
Densidade de poboación: 644 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Observacións: non podrá causar interferencias nin forzar o cambio da canle de emisión en estacións de televisión legalmente establecidas.  
Referencia: TL09SE.
- Denominación: Sevilla.  
Canle múltiple: 56.  
Potencia radiada aparente máxima: 8 kW.  
Ámbito: Sevilla, Mairena del Aljarafe, Rinconada (La), Camas, San Juan de Aznalfarache, Tomares, Castilleja de la Cuesta, Algaba (La), Bormujos, Pilas, Gines, Sanlúcar la Mayor, Breñas, Alcalá del Río, Olivares, Santiponce, Valencina de la Concepción, Espartinas, Bollullos de la Mitación, Benacazón, Umbrete, Villanueva del Ariscal, Salteras, Aznalcázar, Huévar del Aljarafe, Carrión de los Céspedes, Castilleja de Guzmán, Albaida del Aljarafe e Castilleja del Campo.  
Superficie total: 1587,63 km<sup>2</sup>.  
Densidade de poboación: 634 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Observacións: non podrá causar interferencias nin forzar o cambio da canle de emisión en estacións de televisión legalmente establecidas.
- Comunidad Autónoma de Aragón  
Referencia: TL06Z.  
Denominación: Alagón.  
Canle múltiple: 52.  
Potencia radiada aparente máxima: 50 W.  
Ámbito: Alagón, Gallur, Pedrola, Pinseque, Torres de Berrellén, Remolinos, Figuerouelas, Luceni e Boquiñeni.  
Superficie total: 331,02 km<sup>2</sup>.  
Densidade de poboación: 59 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Observacións: non podrá causar interferencias nin forzar o cambio da canle de emisión en estacións de televisión legalmente establecidas.  
Referencia: TL07Z.
- Denominación: Tarazona.  
Canle múltiple: 48.  
Potencia radiada aparente máxima: 100 W.  
Ámbito: Tarazona, Novallas, Malón, Torrellas e Vierlas.  
Superficie total: 300,70 km<sup>2</sup>.  
Densidade de poboación: 41 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Observacións: non podrá causar interferencias nin forzar o cambio da canle de emisión en estacións de televisión legalmente establecidas.
- Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha  
Referencia: TL04CU.  
Denominación: Pedroñeras.  
Canle múltiple: 45.  
Potencia radiada aparente máxima: 50 W.  
Ámbito: Pedroñeras (Las), San Clemente, Mota del Cuervo, Provencio (EI), Mesas (Las), Belmonte, Alberca de Záncara (La) e Pedernoso (EI).  
Superficie total: 1116,92 km<sup>2</sup>.  
Densidade de poboación: 27 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Comunidade Autónoma de Cataluña  
Referencia: TL10B.  
Denominación: Barcelona.  
Canle múltiple: pendente.  
Potencia radiada aparente máxima: 10 kW.  
Ámbito: Barcelona, Hospitalet de Llobregat (L'), Badalona, Santa Coloma de Gramenet e Sant Adrià de Besòs.  
Superficie total: 143,65 km<sup>2</sup>.  
Densidade de poboación: 15262 habitantes/km<sup>2</sup>.  
Referencia: TL11B.  
Denominación: Cornellà Llobregat.  
Canle múltiple: 46.  
Potencia radiada aparente máxima: 1 kW.

Ámbito: Cornellà de Llobregat, Sant Boi de Llobregat, Prat de Llobregat (El), Viladecans, Castelldefels, Esplugues de Llobregat, Gavà, Sant Feliu de Llobregat, Sant Joan Despí, Sant Vicenç dels Horts, Martorell, Sant Andreu de la Barca, Molins de Rei, Olesa de Montserrat, Esparraguera, Sant Just Desvern, Vallirana, Corbera de Llobregat, Abrera, Pallejà, Cervelló, Santa Coloma de Cervelló, Sant Esteve Sesrovires, Begues, Papiol (El), Palma de Cervelló (La), Collbató e Castellví de Rosanes.

Superficie total: 466,74 km<sup>2</sup>.

Densidade de poboación: 1549 habitantes/km<sup>2</sup>.

Observacións: non poderá causar interferencias nin forzar o cambio da canle de emisión en estacións de televisión legalmente establecidas.

Referencia: TL12B.

Denominación: Sabadell.

Canle múltiple: 45.

Potencia radiada aparente máxima: 2 kW.

Ámbito: Sabadell, Terrassa, Rubí, Sant Cugat del Vallès, Cerdanyola del Vallès, Ripollet, Montcada i Reixac, Barberà del Vallès, Santa Perpètua de Mogoda, Castellar del Vallès, Sant Quirze del Vallès, Badia del Vallès, Palau-solità i Plegamans, Castellbisbal, Matadepera, Viladecavalls, Sentmenat e Polinyà.

Superficie total: 460,03 km<sup>2</sup>.

Densidade de poboación: 1665 habitantes/km<sup>2</sup>.

Observacións: non podrá causar interferencias nin forzar o cambio da canle de emisión en estacións de televisión legalmente establecidas.

Referencia: TL05GI.

Denominación: Palafrugell.

Canle múltiple: 25.

Potencia radiada aparente máxima: 100 W.

Ámbito: Palafrugell, Sant Feliu de Guíxols, Palamós, Torroella de Montgrí, Bisbal d'Empordà (La), Calonge, Castell-Platja d'Aro, Begur e Santa Cristina d'Aro.

Superficie total: 278,04 km<sup>2</sup>.

Densidade de poboación: 347 habitantes/km<sup>2</sup>.

Comunidade Autónoma de Galicia

Referencia: TL07C.

Denominación: Ponte García Rodríguez.

Canle múltiple: 24.

Potencia radiada aparente máxima: 100 W.

Ámbito: Ponte García Rodríguez (As), Pontedeume, Cabanas, Monfero, Capela (A) e Muras.

Superficie total: 702,43 km<sup>2</sup>.

Densidade de poboación: 41,68 habitantes/km<sup>2</sup>.

Comunidade Autónoma do País Vasco

Referencia: TL07SS.

Denominación: Irún.

Canle múltiple: 29.

Potencia radiada aparente máxima: 1 kW.

Ámbito: Irun, Errenerria, Pasaiá, Hondarribia, Oiartzun e Lezo.

Superficie total: 105,66 km<sup>2</sup>.

Densidade de poboación: 1358 habitantes/km<sup>2</sup>.

Observacións: non podrá causar interferencias nin forzar o cambio da canle de emisión en estacións de televisión legalmente establecidas.

Referencia: TL06BI.

Denominación: Getxo.

Canle múltiple: 48.

Potencia radiada aparente máxima: 1 kW.

Ámbito: Getxo, Basauri, Galdakao, Leioa, Erandio, Arrigorriaga e Etxebarri, Anteigrexa de San Esteban-Etxebarri Doneztebeko Elizatea.

Superficie total: 94,38 km<sup>2</sup>.

Densidade de poboación: 2426 habitantes/km<sup>2</sup>.

Observacións: non podrá causar interferencias nin forzar o cambio da canle de emisión en estacións de televisión legalmente establecidas.

Comunidade Valenciana

Referencia: TL07V.

Denominación: Torrent.

Canle múltiple: 35.

Potencia radiada aparente máxima: 1 kW.

Ámbito: Torrent, Paterna, Mislata, Alaquàs, Xirivella, Manises, Quart de Poblet, Aldaia, Catarroja, Paiporta, Alfar, Picassent, Silla, Benetússer, Albal, Chiva, Picanya, Buñol, Sedaví e Cheste.

Superficie total: 697,35 km<sup>2</sup>.

Densidade de poboación: 664 habitantes/km<sup>2</sup>.

Observacións: non poderá causar interferencias nin forzar o cambio da canle de emisión en estacións de televisión legalmente establecidas.»

Disposición adicional única. *Determinación das canles múltiples pendentes do Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local.*

A Axencia Estatal de Radiocomunicacións determinará as canles múltiples pendentes do Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local e, a través do secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, notificaránse ao órgano competente da comunidade autónoma.

Disposición transitoria primeira. *Reinicio do cómputo de prazos.*

1. A partir da entrada en vigor deste real decreto, iniciarase de novo o cómputo do prazo previsto no punto 3 da disposición transitoria segunda da Lei 41/1995, do 22 de decembro, para aquelas comunidades autónomas afectadas polas modificacións introducidas no Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local por este real decreto.

Así mesmo, as demais comunidades autónomas que na data de entrada en vigor deste real decreto non conclúisen o proceso previsto na disposición transitoria segunda da Lei 41/1995, do 22 de decembro, poderanse acoller ao reinicio de prazos previsto no parágrafo anterior e comunicaranlo formalmente á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

2. Para aquellas demarcacións cuxas canles múltiples se encontren pendentes de determinación no Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local, o cómputo do prazo previsto no punto 3 da disposición transitoria segunda da Lei 41/1995, do 22 de decembro, comezará a contar a partir da data en que as devanditas canles lle fosen notificadas ao órgano correspondente da comunidade autónoma.

Disposición transitoria segunda. *Ampliación do prazo a que se refire o punto 5 da disposición transitoria segunda da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres.*

Amplíase en dous anos, contados desde o 1 de xaneiro de 2006, o prazo ao que se refire o punto 5 da disposición transitoria segunda da Lei 41/1995, do 22 de decembro. Non obstante, en caso de incompatibilidade radioeléctrica entre estacións de televisión local, terán prioridade as emisións con tecnoloxía dixital.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. Facultades de desenvolvemento e aplicación.

Facúltase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar cantas disposicións e medidas se estimen nece-

sarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,  
JOSÉ MONTILLA AGUILERA

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**21042** *ORDE APA/4089/2004, do 14 de decembro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul. («BOE» 301, do 15-12-2004.)*

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída na lista A do Código Zoosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal (OIE). A súa propagación supón un perigo grave para os efectivos gandeiros e podería ter consecuencias moi desfavorables para as trocas comerciais a nivel internacional. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, que establece medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

O 13 de outubro de 2004, o programa de vixilancia da lingua azul previsto no artigo 11.1.b) do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, aplicado pola Comunidade Autónoma de Andalucía puxo de manifesto a circulación do virus da lingua azul na parte oriental da provincia de Cádiz. As medidas de protección a nivel comunitario foron adoptadas mediante a Decisión 2004/697/CE, da Comisión, do 14 de outubro de 2004, relativa a determinadas medidas de protección contra a febre catarral ovina ou lingua azul en España, e posteriormente mediante a Decisión 2004/762/CE, da Comisión, do 12 de novembro de 2004, pola que se modifica a Decisión 2003/828/CE no que respecta aos traslados de animais dentro dunha zona restrinxida de España e Portugal, e a partir dela, en relación cos focos de febre catarral ovina en España.

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no seu artigo 8.1, dispón que, para previr a difusión no territorio nacional de enfermidades dos animais de declaración obligatoria previstas no Código Zoosanitario Internacional da Oficina Internacional de Epizootias ou na normativa nacional ou comunitaria, en especial daquelas de alta difusión, ou para previr a extensión de tales enfermidades en caso de existencia de casos sospeitosos ou confirmados ou de grave risco sanitario, a Administración xeral do Estado poderá adoptar, entre outras medidas, a prohibición cautelar do movemento e transporte de animais e produtos de orixe animal ou subprodutos de explotación, nunha zona ou territorio determinados ou en todo o territorio nacional, prohibición cautelar da entrada

ou saída daqueles en explotacións, ou a súa inmovilización cautelar en lugares ou instalacións determinados; prohibición ou limitacións da saída ou exportación do territorio nacional, de animais, produtos de orixe animal, produtos zoosanitarios e produtos para a alimentación animal, ou o cambio ou restriccións do seu uso ou destino, con ou sen transformación; e, en xeral, todas aquelas medidas, incluídas a desinfección ou desinsectación, precisas para previr a introdución no territorio nacional de enfermidades dos animais de declaración obligatoria, en especial daquelas de alta difusión, ou a extensión de tales enfermidades en caso de existencia de casos sospeitosos ou confirmados, así como en situacións de grave risco sanitario.

De acordo co exposto, e sen prexuízo das medidas adoptadas pola Comisión Europea, mediante a Orde APA/3411/2004, do 22 de outubro, estableceronse medidas específicas de carácter urgente respecto da lingua azul, perante a súa aparición no territorio peninsular español. Estas medidas foron modificadas, á vista da evolución da enfermidade, e seguindo o criterio ao respecto do grupo de expertos previsto no Plan de Intervención a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, que establece medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, mediante a Orde APA/3605/2004, do 4 de novembro, e posteriormente mediante a Orde APA/3851/2004, do 24 de novembro, que establece medidas específicas de protección contra a lingua azul.

En función da situación actual da enfermidade, procede unha modificación da mencionada Orde APA/3851/2004, en especial para restablecer a normalidade dos movementos de especies sensibles en e desde a anterior zona de seguranza, que agora se suprime, unha vez que as condicións epidemiológicas e climatolóxicas limitaron a supervivencia do vector transmisor da lingua azul, así como do virus da lingua azul. Razóns de seguranza xurídica aconsellan, dado o alcance das modificacións, a aprobación dunha nova orde, que derroga a anterior, o que facilitará a súa aplicación.

Na súa virtude, e ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei de sanidade animal e na disposición final segunda do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, dispoño:

### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O obxecto da presente orde é establecer medidas específicas de protección contra a lingua azul, de aplicación a todo o territorio nacional.

### Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos desta orde, serán de aplicación as definicións previstas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e no artigo 2 do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, que establece medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Zona restrinxida: a Comunidade Autónoma das Illas Baleares, a Comunidade Autónoma de Extremadura, as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, e as seguintes provincias ou comarcas veterinarias:

1.º Comunidade Autónoma de Andalucía: as provincias de Cádiz, Málaga, Huelva, Sevilla e Córdoba; e as comarcas veterinarias de Jaén e Andújar na provincia de Jaén.

2.º Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha: as comarcas veterinarias de Oropesa, Belvís de la Jara, Talavera de la Reina e Los Navalmorales, da provincia de Toledo; e as comarcas veterinarias de Horcajo de los Mon-